


CONTOS DO CASTROMIL
- 27 -

O Conto de Serafín O Santuario da Franqueira

ANTÓN FRAGUAS





**Fotografía publicada no Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega)*

Antón Fraguas Fraguas Loureiro, 1905

Historiador e catedrático, fundou a Sociedade da Lingua e foi membro das Irmandades da Fala. Dedicouse ó estudo da cultura e do territorio galegos e levou toda clase de premios.

Destaca a súa figura ensaística: *Galicia máxica*, *Aportacións ó cancionero de Cotobade*, *Romarías e santuarios*.

CONTOS DO CASTROMIL
Nº 27, Primavera. 1993

© Antón Fraguas.

© Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

Dirección literaria: Xosé González Martínez, Xoaquín Monteagudo, Paulino Novo, Xosé M. Rodríguez Abella.

Deseño gráfico da Colección: Fausto C. Isorna.

Fotocomposición: Zero. Santiago

Producción: Ir Indo Edicións. Vigo

Depósito Legal: VG-542-92

*Estes libros son un complemento gratuito ó seu billete de viaxe en Transportes Castromil.
A súa venda está prohibida.*

O Conto de Serafín

A xente facía burla del e nunca fixo mal a ninguén. Era home forzado e dicían que un día se arrimara a un canastro e tirara con el. O canastro era moi antigo de vergas de castiñeiro, era moi sinxelo vergueiro. Serafín vivía na casa grande e madrugaba moito saíndo co gando con moita noite cando había sol, porque cando chovía podía madrugar menos por mor da mosca que non deixaba comer no monte. Durmía na parte da casa que tiña a barra e pró seu cuarto pasaba por diante do gueicholo onde estaba a herba verde, o outono que era comida prás vacas leiteiras.

Chamábase Serafín e as mozas cantábanlle:

*Dame a navalla, Serafín,
dame a navalla
que xa cha pedín.*

Serafín sabía contos, sabía romances, sabía refráns e agora conta este relato de interese: O Conto dun cego:

Alá en tempo de María Castaña, cando María Bolerca vivía, había un cego que, toca que toca na zanfona e xunta que xunta nos cartos, xuntou cen ducados. E tendo medo que llos roubasen foinos enterrar. Mais un compadre que tiña o cego soubo deles e rouboullos.

Foi o cego á buratiña e encontrouse sen os cen ducados. Desconfiou do compadre, colleu a zanfona e púxose a tocar onde ía o compadre, e a cantar:

*Cen ducados teño
nunha buratiña,
e outros cen teño
para lle botar porriba.
Cen ducados teño
nunha buratela
e outros cen teño
pra lovar a ela.*

O compadre cando oíu cantar ó cego, volveu os cen ducados á cova, e foi o cego e quitounos da cova e púxose a cantar onde o oíse o compadre:

*Polo moito perdestes o pouco,
señor compadre,
polo moito perdestes o pouco
Deus ben volo sabe.*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

E inda lle dixo esta sentencia:

*Corredor serás pero a traza non cho dá
picouse unha vez a laverquerexar.*

Había nun lugar un veciño que vivía na carballeira e a xente, os veciños, botábanlle mala fama. El tiña sona de ser membro dunha pequena banda de ladróns. Nunca collera nada no lugar e os seus compañeiros tampouco. Andaban pola noite e todos lle tiñan medo. Roubaban bestas e carne de porco e os cartos da venda na feira das xugadas de bois. Xan de Riba, como lle chamaban uns, e Xan do Alto, como lle dicían outros, era servicial, botaba unha man para calquera traballo e se facía falla coller a herba de alguén por enfermidade, era Xan o primeiro que se presentaba no prado coa súa gadaña. Pero todos dicían que cando entraba na cociña, o primeiro que miraba era para a touciñeira e para o salgadeiro, e facía louvanzas dos touciños e das cacheiras; pero endexamais faltou unha peza de carne ou robaran a un veciño se vendía unha xugada de bois.

Mais se eran respetuosos para os veciños non eran respetuosos entre eles, e por iso Xan do Alto tomaba as súas medidas para non quedar sen a carne do porco. Xa tiña a carne ben afumada, gardara os ceboleiros e mais as longanizas, pero na touciñeira quedaban colgadas todas as pezas dos dous porcos que matara, porque inda tiñan carne vella. Un serán viñeron por alí os compañeiros e Xan do Alto pasou a noite en vela e así foi toda a semana e xa moi canso tomou unha medida especial: esconder a carne e metela no forno.

Xan deitouse e quedou durmido, profundamente durmido, porque levaba unha semana sen durmir e non durmía máis

que unha pequena sesta. Os compañeiros xa se decataron de que se deitara, porque non botou a cabeza polo cristal que lle faltaba na fiestra. Xan atrancara ben a porta e durmía tranquilo, e os seus amigos foron á barra, colleron a esqueira de facer o palleiro e polo oco do cristal abriron a fenestra e pasaron á cociña. Estaba a touciñeira sen carne, non estaban colgadas máis cás binchas na touciñeira. Abriron as portas do salgadeiro e non tiña nada. Un dos compañeiros foi paseniñamente deica a cama onde durmía o matrimonio e arrimouse á almofada, e preguntoulle moi fino *¿róbannos a carne?* Ela, durmiñando, dixo: non, que a escondemos no forno.

Abriron a porta do forno e colleron dous xamóns e botáronos prá eira, baixaron eles e levaron a esqueira á barra. Meteron os xamóns nun saco e saíron polo camiño vello que vai para o monte. Momento no que un can ladrou moi forte e a muller sentou na cama e espertou ó home:

- ¿Porque me preguntabas se nos roubaban?

- ¿Ti que dis?

- Que preguntaches ti.

Xan do alto ergueuse fungando maldicións, vestiu o mono e calzou as zapatillas xustas ó pé, e saíu correndo para atopalos no camiño estreito.

Chegou denantes de que pasaran e oíu os pasos. Era o compañeiro sen carga moi apurado, pasado tempo viña o da carga co saco ó lombo e, denantes de que chegara ó seu nivel, camiñou Xan e chegou ó seu lado. Como non se vía máis có vulto, díxolle:

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- Deixa que agora levo eu o saco. Vaite correndo deica a Brea. Alí espérasme.

Xan colleu o saco e deixou que o compañeiro collera o camiño indicado, e el volveu para a súa casa. A muller estaba de xeonllos diante dun crucifixo rezando, con bágoas fortes e tremendo de frío.

Esdexamais volvero os amigos de Xan, e este veciño do alto do lugar non tivo máis ansias que coidar da súa facenda e axudar a quen precisaba axuda.

O Santuario da Franqueira

Non hai Santuario que non teña un apoio nun milagre, pero aquí non se trata da fundación, senón dun milagre, mais vexamos denantes como é e onde está o Santuario da Franqueira.

A parroquia de Santa María da Franqueira está no concello da Cañiza, na provincia de Pontevedra, case equidistante das vilas da Cañiza e de Mondariz. Debe saberse tamén que a Igrexa é a mostra dun antigo mosteiro que primeiro sería de Bieitos e logo de Bernardos. Afirmán que comezou o culto no século VII. Non sabemos, e por iso non podo contar (como me gustaría facelo), cal foi a lousa do monte e manantial, a fontaña onde os moradores dos castros ou outros máis vellos tiñan os seus cultos, porque tamén eles sentían inquedanzas, sinxelas inquedanzas que os farían visitar a lousa e beber a auga máis ou menos misteriosa.

Se nos axustamos ós documentos, parece que o primeiro documento é do ano 1056, privilexio do rei Fernando I concedido ó Abade Alvito e ós seus monxes. Para descubrir o lugar onde se encontraba a Imaxe da Virxe, a lenda que había dá como sinal o mesmo risco de auga con flores, deixando ver o carreiro pola mesma canle natural da auga. Máis tarde preséntase a mesma Virxe pra indicar o lugar onde desexa que se erga a Capela.

Monxes bieitos e Bernardos ergueron o Mosteiro e a Igrexa de planta rectangular, nave con arcos apuntados a fiestras con arcos de medio punto e columnas acodilladas. Portada con

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

catro pares de columnas tamén acodilladas, arquivoltas lisas e con adornos e tímpano coa Adoración dos Reis.

Unha das lendas máis curiosas e interesante de Santuarios é a do Soldado e o mouro e a Virxe da Franqueira.

Os mouros fixeron prisioneiro a un mozo moi devoto da Virxe da Franqueira. Era unha tribo de antropófagos e metérono nunha arca pra engordalo, cousa que probaban facéndolle botar un dedo por un burato de medida que tiña a tapa da arca. Tiña unha sentinela gardándoo día e noite. Botaba, cando lle mandaban, un dedo polo burato e, feito o exame, os mouros xefes falaban entre eles da vida e da morte do mociño... Rematada unha sesión escoitoulles dicir que estaba ben pra matalo e había que matalo o día seguinte.

Estaba, segundo eles, bastante gordo e non había que esperar máis. Exercendo a antropofaxia, o soldado debía morrer ó día seguinte. O soldado pediulle á Virxe da Franqueira que viñese na súa axuda. Que viñese libralo de semellante perigo.

Oíase o redobrar das campás dunha igrexa, que tocaban a festa. O mouro asustado con semellante música, botou a cabeza fóra e viu un mundo diferente, unha paisaxe nova e o toque das campás que repenicaban a festa. Decatouse do misterioso traslado do mozo dentro da arca. Asustado quixo saber algo do novo lugar, ergueu a tapa e preguntoulle ó prisioneiro:

- Cristiano, ¿en tu tierra hai cencerros?

- Si, hainos.

- Pues levántate, cristinano, que en tu tierra estamos, y no me hagas en tu tierra como yo te hice en la mía.

O soldado, o cristián prisioneiro, ergueuse, mirou o sitio onde estaban e coitara os seus lamentos, atendeu a súa pregaría e trouxo ó prisioneiro na arca e tamén ó mouro que facía de sentinela. O mouro é Birnarem, que encartado quedou no castro veciño. Cabanillas relatou o Romance do mouro e do cristián na Franqueira. Ditos que todos os anos se repiten diante da Virxe da Franqueira. Así falan o Cristián e o mouro, diante de Virxe, no día da súa Festa.

Cristián

Virxe e raíña da Fonte

Señora Santa María!

Por erros de mal amor,

pecados de mala vida,

en terra moura de Arxel,

terra de cautivería,

o rei mouro Birnarem

prisioneiro me facía.

Trinta na miña compañía

choran penas coma a miña.

Zarrados en fortes arcas

e gardados noite e día,

aferrados con cadeas

que o corpo nos malferían,

véndonos en morte certa,

toda esperanza perdida,

a esta Virxe da Franqueira,

que os nosos dolores vía,

fixemos voto de darlle

alma, corazón e vida.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*Cando no escuro da noite
o silencio nos cubría,
e os mouros que nos gardaban
máis descoidados durmían,
anxos do ceo baixaron
que as pechas arcas abrían
e os duros ferros cerraban
limpándonos de feridas.*

*Nosa Señora da Fonte
diante de nós parecía
e co seu fillo no colo
alumea canto mira.
Por un camiño de estrelas
para a Franqueira camiña.
Da man dos anxos levados,
Ela nos cobre e nos guía
ata que nos deixa salvos,
na porta da súa ermida,
ós cristiáns redimidos
e ós mouros da Mourería.*

*Mouro
Con artes de encantamento
e forzas non coñecidas,
das que Alá ten o segredo
na súa sabedoría,
foi que aquí somos botados
por unha man inimiga.
Eu te conxuro renegues
desa soñada Raíña
a quen teu pouco xuício*

*tan poderosa imaxina.
Soio o Señor dos Crentes
ese milagre faría
que somentes El coñece
milagros de Astroloxía.
E ven na miña compañía
a terras de mourería.*

*E pois ti sabes que son
rei e facendas e vidas
e o mundo enteiro relembra
ó brillo da espada miña,
dareiche do meu tesouro
a feixes segas garnidas,
a carros o ouro e prata,
a montes as pedras finas,
elefantes que prisei
nas terras quentes da India.
cabalos que o vento deixa
atrás na súa corrida,
camelos que por traerche
canto baixo o sol se ría,
as areas do deserto
percorrerán noite e día.*

*Terás un pazo por teu
que as fadas cobizarán,
leitos cubertos de rosas,
fontes de agoas cristiáñas
cortizos de mel sabroso,
fumeiros de incenso e mirra,
lenzos, traxes e cendais,*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*roupas con ouro tecidas
nos máis sonados teares
de Damasco e Cachemira,
palmeiras de froito doce,
músicas que te divirtan,
viños que o teu corazón
enchan de fondas ledicias,
cen guerreiros que te garden,
cen escravos que te sirvan.*

*Para remate, facendo
a túa gloria cumprida,
hei de darche por muller
á princesa, miña filla,
cantado polos poetas
en romances e kasidas,
cobizada dos guerreiros
de máis sona esclarecida,
a quen chaman os que a viron
a Rosa da Mourería.
E Alá por riba das nubes
coa man que o mundo encamiña
encenderá as túas noites
e benzoará os teus días.*

*Cristián
Rei Birnarem, que me falas
con palabras ben sabidas,
que por non ser escoitadas
voan no vento perdidas;
rei Birnarem, a mais alto
os meus soños se encamiñan,*

*que non me causan namoro
riquezas nin fidalguías.
Os meus pensamentos puxen
en servir esta Raíña.*

*Dona de ceos e terras,
das almas amparo e guía,
e nin polo mundo enteiro
de adoralas deixarías
que non hai ben máis seguro
nin máis alta regalía
que bicar as súas plantas
ollando o seu sorriso.
Esquece do teu Mahoma
mentireiras canturias,
praceres e poderíos
cheos de vermos e cinzas,
e diante da Santa Virxe
dobra a túa fronte altiva
se queres a túa alma
deixar como o sol de limpa.*

*Mouro
Que enlixes a miña caste
e forza que non consinta
e as inxurias ó Profeta
terás de pagar coa vida,
morrendo como falsario
ó fío desde gumía.*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Cristián

*Birnarem, razón de forza
no meu forte brazo aniñan,
que é como un raio do ceo
a folla da espada miña.*

Mouro

*Non quero elixir meu dios
que deshonra me faría,
e a loita dirá quen ten
forza, razón e xusticia.*

Cristián

*Da túa impiedade sexa
a morte pena debida,
xa que negas esta luz
que diante de ti rebrilla.
(loitan ata que o Mouro, malferido, cae de
xeonllos ós pes da Santa Imaxe)
Morto son! Prega me vala
a túa Santa María!*

Cristián

*Mil anos, un detrás doutro,
volverá ó teu corpo a vida
e no día da Franqueira
por ordenación diviña,
rachando o teu corazón
para enchelo de fe viva,
mil veces entrará a Morte
abrindo a mesma ferida.
¡Ó cabo dos anos mil,*

*contados día por día,
fará en ti novo milagre
a Virxe Santa María
e verás a túa alma
de culpa e pecado limpa!*

Cóntanse outros milagres de soldados metidos nas arcas, a Virxe trasladounos a todos. Téñense dado noticias da arca gardada noutras freguesías, algunha desas lendas da arca di que a mesma arca a tiñan ben gardada no Santuario. Ademais da Franqueira había lendas noutras igrexas e inda non hai moito, a comezos do século, perdeuse a derradeira nun incendio.

Agora revívese a lenda no intre de saír a Santiña, tirado o carro por xugadas de bois, unha ou dúas, e algunha vez tres. Os bois levan unhas guldrapas grandes que cobren todo o corpo dos bois das xulgadas, e todos moi vistosas. O carreteiro leva a vara, moi xeitosa, e vai dicindo “¿Quen poxa a vara?” E poxa un, outro, outro... moitos, case non hai camiño pra cantos queren ser carreteiros. Son mariñeiros que se ofreceron unha noite de mar embravecido. Cando podías coller a vara, cumprías un voto, unha promesa.

Cada festa trae ó Santuario xentes (un cadaleito, en moitos déitase unha perona e poden cantar, dúas portadoras cantan cun grupo pequeno e a outra portadora e a que vai deitada cantan o estribillo:

*Virxe da Franqueira,
Virxe ben amada,
aquí lle traemos
a resucitada.*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Van facer o percorrido procesional outros ataúdes, son de nenos e maiores, son ofertas por enfermidades moi graves ou doenzas longas que a Virxe acurtou. Na lenda, na emoción lendaria dos feitos pasados, veñen á Franqueira as padroeiras da veciñanza sempre as santiñas veñen, saúdan con reverencia á Virxe da Franqueira e vanse colocando en xuntanza de amigas e a lenda xúntase a cantos e rezos, ós cantos de saúdos de pregos e de gracias. Primeiro será a Virxe de Lourdes que se adianta a visitar á súa compañeira; e como Ela camiñarán as veciñas:

*A Virxe de Lourdes
vai para a Franqueira,
visitar a santa súa compañeira.
Señora de Lourdes
na cova metida,
vai sempre connosco
na morte e na vida.
Estrela lucente
na noite pechada
á alma sen guía
pona encamiñada.
Virxe da Franqueira,
que téis o meniño,
fainos levadeiro
o longo camiño.
A Virxe de Lourdes
acende as estrelas,
a Virxe do Monte
platica con elas.
A Virxe de Lourdes
ven de Balneario,
leva nas manciñas
o santo Rosario.
Raíña dos montes,*

*señora dos mares,
nosos emigrados
devolve os fogares.
Vixía as pasadas dos
nosos filliños e ponos
no rumbo dos santos
camiños.*

*Bendice os amores
do humilde labrego
e dalle na chousa
quentura e sosego.
Bendí amorosa
a palla e a espiga,
as follas da rosa
e o dente da ortiga.
Bendice, Señora,
o casal e o tobo,
o niño da rula
e a cova do lobo.
Virxe da Franqueira,
na pedra labrada,
de viñas e prados
arreda a xeadá.
Bendice o arado,
o legón e o pico,
o san e o tolleito,
o pobre e o rico.
Bendice os carrascos
e os toxos dos montes
e as herbas dos prados
e as augas das fontes.
aparece a Santa,
ten unha dozura*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*que a todos encanta.
A Virxe de Lira
polo monte sube
envolveita en luces
dunha branca nube.
Bendice as suores
do santo traballo,
as pingas da choiva
e as pingas do orballo.
Como o sol reloce
a Virxe de Pías
na viaxe primeira
destas romarías.
cumprido saúdo
para que nos valla
de amparo e escudo.
De Vilar a Virxe,
garrida e xeitosa,
pola nova ponte
vén en busca nosa.
Cantémoslle ledos
que é nosa veciña
e chea de gloria
connosco camiña.
Imos con ledicia,
quen ven á por nos
a Virxe bendita
de Vilasobroso.
De Vilasobroso
e mais da Portela,
que non hai no mundo
outra coma ela.
El Señor nos leva
ben acompañados
coa Virxe que chega
dende Mouriscados.*

Bendita Ela sexa
por linda e xeitosa,
os ollos luceiros
a cara de rosa.
De Cumiar, ó lonxe,
aparece a Santa,
ten unha dozura
que a todos encanta.
A Virxe de Lira
polo monte sube
envolveita en luces
dunha branca nube.

Imos detrás delas,
subindo a montaña,
que nunca teremos
máis boa compañía.
Camiño do monte
que leva á Franqueira,
a Virxe de Uma
xa está á nosa beira.
Virxe ben amada
ten os meus amores,
por onde Ela pasa
énchese de flores.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*Batalláns xa chega
coa súa santiña
e cara á Franqueira
connosco camiña.
Santa milagrosa
é como unha estrela,
os anxos do ceo
baixan para vela.
A Virxe de Lourdes
ten unha roseira,
as mellores rosas
son para a Franqueira.
Estrela lucente
na noite pechada,
a alma sen guía
pona encamiñada.
Raíña do ceo,
fermosa e garrida,
na hora da morte
danos nova vida.*

CONTOS DO CASTROMIL

- 27 -

Os “Contos do Castromil” foron unha serie de 30 relatos de autoras e autores galegos que se repartían a bordo do autobús nos anos 90, chegando a distribuírse 450.000 exemplares. Ningún cobrou polos textos mais si recibiron un carnet que lles permitía viaxar sen pagar nas liñas do Castromil.

Foi unha iniciativa da Asociación de Funcionarios para la Normalización Lingüística, contou co patrocinio da Xunta de Galicia e foron editados por Ir Indo entre 1992 e 1994.

Monbus decidiu reeditalos dixitalmente para que cheguen a máis xente e seguir difundido a literatura e a cultura en galego.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Contos do Castromil é unha colección que pretende achegar ó lector e viaxeiro unha selección de autores de relato galego que o leven tamén pola rota da imaxinación.